

CIENCIA E RELIXIÓN

¡Os nosos miolos! ¿Que ocorre? ¿onde están?. Unha rata famenta está a roer neles, a nosa cabeza está a piques de ser vítima dunha enorme mandíbula disposta a abrírlle paso cara o lugar máis profundo e tenebroso. Unha pequena parte pasará das células doutra rata semellante e a outra será depositada ao aire libre ou nun vertedoiro cheirento.

Mais o peor de todo é que non facemos nada para evitalo. Quizais non saibades de que estou a falar e quizais non consiga o que quero, pero teño a oportunidade de manifestar nunhas liñas a miña indignación contra un tema que está a tramar o cerebro de moita xuventude e non penso desaproveitala.

Mais non só son estas persoas as afectadas, tamén os nosos maiores padecen esta enfermidade, e todo isto está causado polo enfrontamento entre ciencia e relixión.

Ante todo quixera manifestar e confesar que eu son unha das persoas que asisten e que asistín dende a miña introdución na educación a unha clase de relixión. Sei que ao ler estas liñas ides pensar en non seguir lendo, poida que supoñades as miñas ideas, poida tamén que pensedes que son unha seguidora do cristianismo ou algo semellante. Pois ben, nada que ver ten o feito de asistir a esta materia co significado de relixión. Persoalmente son unha persoa que confía cegamente na ciencia e que nada que non sexa experimental entra

dentro da miña cabeza, mais tamén hei de admitir que teño as miñas dúbidas sobre a existencia do máis alá. Do que si estou segura é que eu non elixín a optativa de relixión porque os meus pais mo impuxesen ou porque creo profundamente nese outro mundo que nos aseguran, senón precisamente para establecer comparacións, para penetrar nos máis profundos pensamentos do profesor/a de ciencias e de relixión. Quizais é moi pouca a confianza que teño eu en min, por iso penso que a miña experiencia non vai ter consecuencias produtivas, mais son moi insistente e non penso deter esta actividade, porque quizais esta é a clave para elaborar unha hipótese moito máis coherente coa dos nosos políticos ou sacerdotes. Normalmente son as opinións destes señores as que nos serven de apoio, as que encabezan a lista de tan diversas opinións, aínda que tamén son as menos indicadas para facelo. Por un lado, a Igrexa é unha institución

que só serve para estafar e para enganar a xente, para entorpecer o traballo de milleiros de científicos que pasan horas e horas traballando para chegar a unha conclusión coherente, mais a Igrexa acaba con eles, coas súas opinións, coas súas ilusións, porque é esta institución a que cometeu centos de erros no pasado, pero tamén é esta mesma a que non aprende, a que os segue cometendo agora e ... continuará...

Por outro lado, tampouco son os políticos as persoas máis indicadas para manifestar a súa opinión. Ata o momento, ningún deles respondeu a unha definición de persoa, están aí para organizar guerras, para saír na televisión, para dar a coñecer o seu rico vocabulario que tantas horas lles levou introducir na súa caixa chea de cinza que teñen por cabeza, e, sobre todo, para "embolsar".

O que debemos facer é sacar as nosas propias conclusións, porque se segui-





mos así non sairemos endexamais do prepaleolítico.

Quixera dar a miña opinión sobre o tema, pero tamén quixera deixar claro que é unha das moitas opinións e que ningunha destas, por moi boa que sexa, é mellor cá nosa.

Eu son partidaria de que exista a materia de Relixión, porque, como dixeran anteriormente, serve para establecer comparacións que non sempre son odiosas e poida que si sexan proveitosas.

Tamén creo que o que se precisa é cambiarlle o nome á materia, pois non é apropiado. Ao longo destes anos, deime conta que esta materia non comprende exclusivamente a relixión cristiá, senón tamén as diferentes relixións que existen no mundo, é, pois, unha materia de cultura xeral. Outra cousa é que sexa avaliable, pero o mellor de todo é considerar avaliables ámbalas dúas:

Relixión e Actividades Alternativas ou ningunha, e problema solucionado.

Sen embargo, eu creo que o problema que temos non é ese, o enigma está en saber cal é o camiño a seguir.

C o m o
indiquei



a o comezo deste relato, eu confío cegamente na ciencia, pero como resultado de analizar opinións procedentes de persoas moi distantes en canto á súa mentalidade, só cheguei a unhas conclusións que

quizais dentro duns anos cambie.

Non teñen por que ser incompatibles a ciencia e a relixión, quizais existan as dúas cousas e non nos damos conta de que estamos buscando problemas e enfrontamentos que quizais poderíamos aforrar.

Prefiro non estenderme máis na miña opinión, porque preciso máis tempo para ver as cousas con máis claridade, pero polo de agora atopei certa tranquilidade moral, aínda que persisten na miña mente un mar de dúbidas que, como ben dicía Newton, só coñezo con certeza unha gota.

Mais o máis importante para min é saberme independente dos demais, sentirme quen de formular a miña opinión, sexa correcta ou non, pero o que xamais hei permitir é que me cheguen a influenciar as ideas das persoas mencionadas anteriormente, porque estas non son nin sequera rochas da rúa que pasan desapercibidas, porque as rochas conteñen certa cantidade de materia inorgánica, cousa que ditos individuos teño as miñas pescudas sobre a súa composición.

Aínda así, e a pesar da miña indignación, non quixera que ninguén se sentise molesto polo dito, pois se alguén o está, pedirlle desculpas, mais precisaba deixar os meus insignificantes pensamentos impresos nun anaco de papel.

Mirta Sueiro Costoya.
B1A

